



Tomando café con don Dositeo

Marisa Vidal Collazo

D. Dositeo Valiñas Fernández é o párroco de Ribadumia, no Arciprestado do Salnés. É un home bo, magnífico conversador, memoria viva da Igrexa galega. Viviu en primeira persoa e en primeira liña de Igrexa a república, a guerra e o franquismo. A súa memoria é prodixiosa. Fala de vagar, e nos seus ollos pícaros vaise entrevedo aquel neno que, con 10 anos, cambiou a súa aldea de Vilarchán, na parroquia de Quireza, na Terra de Montes, polo Seminario Diocesano de Santiago. Mentres fala vai esfiando a historia en historias, e a memoria en recordos de persoas, ditos, lugares....

Cando estoupa a guerra, en 1936, ten 16 anos, e está no Seminario de Santiago...

Si, eu estaba no Seminario. Lía a prensa todos os días, e estaba bastante ao tanto do que ía pasando. Non se pode ocultar que había unha desorde social grande. A partir das eleccións de febreiro, a xente radicalizouse. Había unha grande sensación de falla de autoridade, de inseguridade. Os sindicatos facían o que querían, igual que as forzas de dereita, os falanxistas, carlistas, monárquicos... Recordo que en Santiago vivíase coa sensación do "aquí vai pasar algo". Tampouco había unha autoridade que puxese orde, porque o goberno non controlaba as masas nin os sindicatos, que se estaban radicalizando en posturas estalinistas.

Como foi o levantamento en Santiago?

O 16 de xullo de 1936 recordo que empezou a radio a dicir que se sublevara a tropa de África. Os republicanos, comandados por Lister, tomaron o pazo de Raxoi, e querían entrar tamén no pazo arcebispal, para así controlar o Obradoiro. Chegáronlles reforzos dos obreiros das minas de estaño de Lousame e Calo, provistos de dinamita. A tarde do 20 de xullo díxéronlle ao Sr. Arcebispo que pasara para a catedral, á casa do sacristán, onde agora está o arquivo, e el negouse a saír do pazo. Quedou alí con 3 ou 4 curas. Nós axexábamnos desde o Seminario. Esa noite tentaron entrar varias veces. Tirotearon as ventás, con escadas quixeron acceder ao primeiro piso. Como non o conseguiron, tentaron prenderlle lume á porta do pazo. Eu estaba mirando desde a ventá do seminario. Naquel momento houbo un ruído forte, como unha tronada, e os que estaban preparando a queima deixaron alí o bidón e saíron correndo polo carreixo de Val de Deus.

Uns días antes, a un seminarista, Xosé Selas, que era moi moreno e pasaba por mineiro, mandáranos a Raxoi para que mirase como estaba a situación. Volveu espantado porque estando nunha reunión, no salón de plenos, un dos presentes sacou unha arma e púxose a disparar ao alto. Pensou: “aquí non hai control ningún. Este pode matar a calquera, mesmo a min, e non hai quen o deteña”.

Santiago caeu porque o comandante militar, Bermúdez de Castro, díxolles aos mineiros que mellor que foran defender A Coruña. Foron aló en coches de Castromil, pero ao chegar á ponte da Pasaxe, Na entrada da Coruña, estaban os militares esperándoos. Ametrallaron neles a conciencia. Moitos morreron, outros quedaron por alí polos montes e algúns volveron a Santiago a pé, pero cando chegaron aquí xa os militares se fixeran donos da situación. O exército entrara en Santiago o 21 de xullo, á 1:30 ou 2 da mañá. O alcalde de Santiago, Angel Casal, era moi boa persoa, foi dos primeiros fusilados.

Fala vostede da prensa. Que prensa circulaba por Santiago, cal chegaba ás súas mans?

Ao seminario chegaban periódicos, e tamén había radios de galena. Había dous xornais locais: *Compostelano*, que pola pouca tirada estaba restrinxido a un folio, e o *Eco de Compostela*, que funcionaba

co *El Correo Gallego* de Ferrol. No seminario non entraba *La Voz de Galicia* por ser liberal, pero si *El Ideal Gallego*, *El Debate*, xornal independente católico; e *El Siglo Futuro*, de corte carlista, que o tiña algún profesor.

No seminario estaba prohibido ler xornais sen permiso. Ademais, a censura era terrible. Os xuízos tampouco eran obxectivos. Eu fun por curiosidade no pazo de Raxoi a un consello de guerra contra uns homes que queimaran en Padrón a casa de David Montenegro, tenente do tercio. Os do tercio eran uns animais, e a represalia foi tremenda. No consello de guerra presentou un informe dos seus fegreses o cura de Padrón, D. José María Meléndez, un home moi serio. Falou ben deles, pero no xuízo o fiscal arremeteu contra el chamándolle de todo. Os seminaristas saímos de alí asustados do trato dado ao cura. ao final condenaron a morte a todos.

Como chegaban as noticias?. Por exemplo a do proceso e morte de Alexandre Bóveda?

A censura só permitía dar as noticias en notas breves. Por exemplo, un día lin: “Esta madrugada foi pasado polas armas Camilo Díaz Valiño”, e non había máis comentario. Lembro o fusilamento dun tenente de alcalde que estudara no seminario. Na noite anterior ao seu fusilamento chamaron ao reitor D. Manuel Capón que estivo con el ata o último momento. Cando chegou de volta ao Seminario viña desfeito, descomposto. Eu estaba como bolseiro ao servizo de D. Manuel Capón, e en canto chegou fomos a San Martiño a celebrar unha misa pola alma de Ángel Casal.

A Bóveda condenárono por galeguista. A súa muller, Amalia, tiña un tío Xeneral: D. Leocadio López e López, que acudiu ao capitán xeneral, Luís Lombarte Serrano a pedirlle polo sobriño. Este díxolle: “Mira, Leocadio: se fose comunista aínda se podía salvar. O peor é que ademais é galeguista, e así non hai como salvarlo”. Un franciscano, o P. Luís Fernández Espinosa acompañouno ata o último momento. Alexandre estaba bastante confiado nun indulto que non chegou. Ás 12 da noite entrou en capela. O P. Luís estivo alí todo o tempo, animándoo e chorando con el tamén. Ás 6 da mañá, enriba dun caixón de xabón, no cárcere, dixo a misa e doulle a comunión, e alí foi tamén

o amanuense das cartas que Alexandre lle adicou á muller e aos fillos. Fusilárono na Caeira ás 7 da mañá. O P. Luís era un home amable, moi dado a todo o mundo. Nacera en Pontevedra e nunca quixo marchar da súa vila. Tocoulle auxiliar na última hora a unha chea de xente. Defendíaos a todos, e non aceptaba nunca as situacións nas que eran condeados. Ten unha rúa adicada en Pontevedra.

Naquel tempo, en Santiago estaba de arcebispo D. Tomás Muníz. Cómo pensaba D. Tomás?

D. Tomás Muníz era un bispo conservador. Era consciente de que as cousas ían mal, pero non quería saber nada do falanxismo. Eu oínllo máis dunha vez. E vivino coas ofrendas ao Apóstolo. No ano 1936 non houbo festa do Apóstolo. No 1937 viña facer a ofrenda o xeneral Fidel Dávila Arrondo, Xefe do Exército do Norte. Don Tomás Muniz foi á recepción do oferente diante do Hotel Compostela. Aquel edificio tiña o seu significado, pois estivera pensado para ser a sé do Goberno de Galicia no ano 1936. Como non lle traían o texto da ofrenda, o bispo porfiou: “Eu non marcho de aquí ata que mo traian”, porque el tiña que facer, para o día seguinte, unha contestación a ese texto. Agora os bispos fan unha homilía o día do apóstolo, e non é así. Facíase a ofrenda, e o arcebispo contestaba á ofrenda feita. Aquel día o bispo plantouse, pediu unha cadeira, e sentou ata que lle levaron o texto. O bispo era bastante libre, e non casaba con ninguén.

Aparecen logo as fotos nas que está o bispo coa man en alto. Si vos fixades nas fotografía, o brazo do bispo non pasa de media altura. Facíao máis por compromiso. No pé doutra fotografía, o historiador de la Cierva di que os bispos de Galicia facían o saúdo franquista. Mentira!. A maioría dos fotografados son coengos de Santiago que, co traxe de gala, parecen bispos. A foto sacárona aos coengos que despedían ao oferente. O bispo, D. Tomás Muniz, nunca ía despedir ao oferente.

Non había logo consignas para os curas por parte das autoridades eclesiásticas??

Non. Había mesmo diferentes posturas entre os bispos. Por exemplo: o Director Xeral de Primeira Ensinanza, D. Romualdo de Toledo dera

orde aos mestres de levar a misa aos nenos os domingos. Eu oínlle dicir a Monseñor Zacarías de Vizcarra Arana, consiliario de Acción Católica: “vou rezar un responso pola formación relixiosa dos nenos: isto non se pode facer así”. El opinaba que o mestre ao mellor non tiña fe, e non tiña porque ir á forza a levar aos nenos.

Os bispos, corporativamente, non se pronunciaban en cuestións políticas. A Igrexa mantívose bastante á marxe, e mesmo defendeu a moitas vítimas do réxime, mesmo durante a guerra. Houbo un cura na terra de Montes, D. Manuel Fraíz Garrido, párroco de Presqueiras, que subiu ao camiión no que levaban a 5 fegreses a Pontevedra. Cando chegaron á porta do cárcere, en Salvador Moreno, baixouse dicindo: “onde vaian eles eu vou tamén”. E salvounos. Na miña parroquia, en Quireza, o alcalde de Cerdedo avisoulle ao cura da publicación do decreto de requisa de armas. O cura agachou a súa pistola e inutilizou a radio, e así conseguiu que non llas levaran. Cando prenderon ao alcalde, o cura saíu na súa defensa, e conseguiu que o soltaran.

Chega de párroco a Ribadumia no ano 1944. Onde estivera antes?

Pasei a guerra e os primeiros tempos en Santiago. O meu primeiro destino de crego foi Perlío, cerca de Ferrol, onde estiven só uns días. Os curas dicían que aquela zona era fronte de combate. Eu aquilo vivíao. Non son revolucionario, pero nunca estiven de acordo con certas cousas, e tiveron moitos enfrontamentos. De Perlío mandáronme a Ribadumia. Aquí, no ano 1968, o gobernador de Pontevedra, Rafael Fernández Martínez, propúxome para o desterro por entorpecer o labor oficial na comarca. Salvoume o Cardeal, que non autorizou tal desterro, pero eu quedei marcado, e estiven fichado pola brigada político-social moito tempo.

Como foi a represión en Ribadumia?

A estratexia era pasear ás persoas lonxe das súas parroquias. No Monte Lobeira as cunetas estaban cheas de cadáveres de xente que non eran de aquí. A xente de Ribadumia que ía a Vilagarcía atopábaos horrorizada. Na zona da Terra de Montes a represión foi máis dura. Algúns fuxiron a Portugal e de Portugal devolvéronos e paseáronos.

A min insistíronme moito de estudante e bacheler para que me fixera falanxista, pero eu nunca fun falanxista, eu simpatizaba cos monárquicos. A min gustábame a monarquía de Afonso XIII. Logo, cando foi Franco quen designou ao rei, perdín totalmente o meu sentimento monárquico.

Que relación había entre a Falanxe e a Igrexa. Había curas falanxistas?

Había algún, si, pero non destacados. Había curas de moi diversos signos. En Santiago, cando estoupou o movemento, había no cárcere 5 ou 6 curas. Un deles aínda vive: D. Benigno Rocamonde, que foi cura de Malpica. Este home foi un activista carlista no 1934-35. No 1935 os extremistas da UXT e CNT asaltaron o centro Jaimista, unha rama do carlismo, na Rúa do Vilar. Alí colleron a este cura e déronlle unha malleira soberana. El defendeuse como puido. Sacou unha navalliña que levaba no peto e feriu a 18. Leváronos para o Hospital, que estaba no Hostal. Veu o xuíz a tomarlles declaración e foi preguntando: “¿A vostede quen o feriu?”, e os 18 sinalaron ao cura. Cando chegou ao último preguntou “¿A vostede quen o feriu?” e el contestou: “Todos eses”.

O bispo como reaccionou despois da guerra?

Os bispos mantivéronse un pouco á marxe. Non houbo tampouco unha oposición forte. Deixaron correr, a ver que pasa. Os que protestaron foron castigados fortemente polo Réxime. É o caso do Bispo de Pamplona, D. Marcelino Olaechea, que morreu en Valencia, e D. Mateo Mújica, bispo de Vitoria. Protestou polo fusilamento dun grupo de curas da súa diocese e desterrárono. A Mons. Olaechea non o desterraron pero quedou baixo sospeita.

Aquí na diocese houbo curas a quen os militares dicían “a este hai que quitalo da parroquia” e o Arcebispo accedía. Nos primeiros tempos do alzamento, o cura de Noia, por afín á república, mandárono para Baión. E ao que era cura de Baión, que tamén foi acusado de axudar aos republicanos e participar en asociacións, mandárono a San Xurxo de Veá.

O Réxime volcouse en assimilar aos bispos. Os bispos entraban baixo palio nas parroquias cando ían de visita pastoral. Franco usurpou ese privilexio protocolario, e entraba baixo palio nas igrexas. Pero non só iso. Tamén era quen presentaba a Roma aos futuros bispos, e mesmo aos curas. Para tomar posesión dunha parroquia, o bispo tiña que mandar o nomeamento do párroco ao Ministerio de Xustiza. Se nun mes non había resposta do Ministerio, podían publicar o nomeamento. O que se opoñía ao réxime xa non chegaba nunca a bispo nin a párroco.

Por exemplo, D. Fernando Quiroga chegou a bispo de Mondoñedo no ano 1945 porque a Falanxe informou de que non era desafecto ao Réxime. De non ser así xa non chegaría nin a bispo nin a Cardeal de Santiago, no ano 1949. E calou moito o seu galeguismo ata os anos 60. A primeira homilía que lle oín en galego ao Cardeal foi en Iria Flavia, no aniversario de Rosalía. Alí chamou a Rosalía “a nosa santiña”. O cardeal Quiroga era un home moi cauto.

Esa cautela porque era, por medo, por ganas de manterse no sitio?

Era por non meterse, por non agravar as cousas,... un pouco por covardía. Quiroga era un home de amainar, de consensuar, pero moi aberto de ideas. Presidiu a delegación da Igrexa española no Concilio Vaticano II. Cando foi a Asemblea de Bispos e Curas el dou o título: Asemblea de Bispos e Sacerdotes, que fixo moito impacto porque poñía á mesma altura bispos e sacerdotes, xuntándoos nunha mesma sesión, rompendo o esquema piramidal. E o paso seguinte foi o Concilio Pastoral de Galicia.

E cal foi o papel de Acción católica nesa posguerra

Despois da guerra organizouse Acción Católica, fóra por completo da Falanxe. Contábase co apoio do goberno e Acción Católica serviu de plataforma de moitas cousas. A situación política no principio non era tan radical. Radicalizouse moito despois coa lei de prensa. A Xuventude de Acción Católica tiña desde 1935 un xornal, *Signo*, que era revoltoso. O carácter relixioso de *Signo* protexíao da Censura, pero a partir dos anos 40 *Signo*, abertamente en contra do Réxime,

tivo problemas. Daquela xogou un papel importante o Cardeal de Toledo, D. Enrique Plá Deniel.

O goberno, molesto coa publicación, avisou ao bispo de Madrid, e este prohibiu a publicación de *Signo* na súa Diocese, e suspendeu de haberes ao Consiliario dos Xoves de Acción Católica. Os editores de *Signo* fóronse refuxiar a Toledo, á Diocese de Pla, e o bispo mandounos de volta para Madrid, ao Pazo de Cruzada, que era seu, dicíndolles que continuaran alí a edición, que no seu pazo ninguén os iría molestar. A revista seguiu editándose en Madrid, quedando adscrita á Diocese de Toledo.

Acción Católica tiña forza. No 1948 houbo unha concentración internacional, unha peregrinación de xuventude titulada “A polos cen mil” que xuntou a 60.000 xoves en Santiago vidos de todo o Estado. A peregrinación tiña que ser no ano santo de 1937, pero por mor da guerra houbo de esperar ao seguinte ano santo, en 1948. Eu estaba alí con xente de Ribadumia e a comarca, pois era o Consiliario de Xuventudes do Salnés. O escenario da concentración estaba na escaleira do Campus, onde hoxe está a estatua de Figueroa. Daquela estaba ao fronte das Xuventudes de Acción Católica Manuel Aparisi, que logo foi cura e agora ten introducida causa de beatificación.

Pero o réxime tamén perseguía a algúns curas?

Había curas que agachaban e apoiaban aos guerrilleiros, acolléndoos nas súas casas. E veciños que denunciaban ao cura por iso. Algúns curas foron ao cárcere por apoiar á resistencia. E sei que fusilaron a curas, e que houbo curas fuxidos en Francia. Un coengo de Vitoria falaba na Radio Pirenaica. Preso estivo o deán de Oviedo, célebre sociólogo, boa persoa, Maximiliano de Arboleya. Pero tamén había que ver como estaba o tema relixioso no bando republicano: tíñase prohibido toda manifestación relixiosa, agás no País Vasco, onde se respectaba a cuestión relixiosa.

Na zona de Ferrol os republicanos queimaron a igrexa e mataron ao cura de Caamouco. Tamén queimaron igrexas de Cervas, Fene,....

Xa para rematar. Nunha recente entrevista en El País, Fraga dicía que non hai que remexer nesta historia, que amnistía quere dicir amnesia. Como ve vostede esta confrontación, esta polémica que se está dando entre recordo e amnesia?

A Memoria depende de como se xulgue. O recordar é bo sempre que non sexa por vinganza, senón por facer historia e crítica de todo o sucedido. A Igrexa leva un tempo sacando adiante canonizacións de vítimas deses anos, e iso tamén é facer Memoria Histórica. Hai que lembrar os que caeron nos dous bandos. Si buscamos o recordo, teremos que buscar o recordo de todos.

Pois moitas grazas, señor cura, por este café, esta conversa e esa memoria súa. O exercicio da memoria senta ben, tanto a quen recorda como a quen recolle o recordado.

Marisa Vidal Collazo